



Polo reemprego e devolución dos envases de bebidas a tendas e supermercados

A Lei de Residuos débese cumprir, XA

En abril de 2022, unha maioría do Congreso dos Deputados aprobou a **Lei de Residuos**, que inclúe obxectivos de prevención, recollida separada, reciclaxe e reemprego e debe permitirnos **devolver latas, botellas e briks de augas, cervexas, zumes e refrescos aos supermercados** para evitar que cada día en España se sigan perdendo 35 millóns de envases de bebidas.

Ademais, meses despois, o **Real Decreto de Envases** de decembro de 2022 confirmaba os obxectivos de prevención, marcaba a folla de ruta para a chegada do Sistema de Depósito e Retorno e fixaba **obxectivos concretos de reemprego de envases** tanto en hotéis, restaurantes e cafeterías (30% para augas, 80% para cervexas, 60% para refrescos e 20% para outras bebidas en 2025), como para a canle doméstica (10% do volume posto no mercado en 2030).

Se se cumpre a Lei, tras anos de retraso pola presión de certos sectores, pronto poderemos ver a posta en marcha dun Sistema de Depósito como o que xa funciona en moitos países europeos e está previsto que se implante en 15 estados máis nos próximos dous anos. Con esta práctica, lógrase reempregar ou converter en novas latas, botellas ou bricks de bebidas máis do 90% destes envases.

Malia as **evidencias presentadas** por entidades sociais e ambientais expertas e polas propias administracións públicas sobre a falta de **eficiencia e transparencia na xestión actual dos residuos de envases**, polo de agora, nin as CC.AA. nin o goberno estatal están dando os pasos precisos para despregar as medidas incluídas na Lei e o Real Decreto de Envases, que nos habilitaría a usar envases reempregables e a devolver latas, botellas e bricks á tienda en 2026.

O novo Goberno non pode deixar esta Lei olvidada nun caixón. **Debe cumprir co establecido: promover o reemprego**, favorecer a implantación dun Sistema de Depósito, Devolución e Retorno e non permitir que se bloquee a súa chegada. Este é o único xeito de asegurar que produtores, supermercados e xestores dos contedores de recollida de envases se responsabilicen ao 100% de todas as súa latas, botellas e bricks de bebidas, asegurando que se reempregan ou reciclan na súa totalidade e deixan de soterrarse, queimarse ou perderse por millóns cada día, como pasa agora. Ademais, estas medidas permitirán que se aplique a normativa europea e se eviten sancións por incumprimento que acaban repercutindo nos impostos que paga a cidadanía.

Canto tempo máis imos permitir que os envases de bebidas sigan danando todos os ecosistemas naturais que nos rodean, especialmente os mariños, gravemente ameazados? Canto tempo máis vaise mirar a outra parte mentres danan a nosa saúde? Canto tempo máis imos seguir subvencionando un modelo económico lineal centrado en usar, tirar e eliminar?

As organizacións e personalidades que firman este manifesto defenden a filosofía residuo cero, baseada na prevención de residuos, o consumo consciente, o dereito á reparación, o uso de envases reempregables, a reciclaxe de calidade ou a xestión eficiente da materia orgánica, entre outras medidas.

Como primeiro paso, pedimos ao Executivo que asegure o cumprimento dos obxectivos de reemprego para envases de bebidas e priorice a posta en marcha do retorno de envases ao comercio como paradigma dunha economía circular limpa que xera empregos verdes e impulsa unha sociedade máis sostible e xusta na que se protexe a saúde das persoas e do resto das especies.

Listado de entidades firmantes

1	0 Plastic	53	Federación Regional de Asociaciones Vecinales de Madrid
2	13 Grados	54	Fridays for Future Bilbao
3	Acción Clima	55	Fundació Deixalles
4	ACPES	56	Fundacion Cleanwave
5	ADACIS	57	Fundación Transición Verde
6	ADEGA (Asociación Para a Defensa Ecolóxica de Galiza)	58	Gambacai
7	Al Camp Residu Zero	59	Go Zero Waste
8	Alba (Acción Local Bosque Autóctono)	60	Goazen Up
9	"Alianza Menorca Sin Plástico "	61	GOB
10	Alianza Residuo Cero	62	Good Karma Projects
11	AMARME Alianza Mar Menor	63	Greenpeace España
12	Ambiente europeo	64	GuraSOS
13	Amigos de la tierra	65	Henares por el Clima
14	Andalimpia	66	Itsas Gela
15	ARBA	67	Javier Royo
16	Asociación Colina	68	La cara invisible del planeta
17	Asociación Cuidemos Isla Cristina	69	Landare
18	Asociación de Voluntariado GEA	70	Lurra Nafarroa
19	Asociación Entremuyeres de Bimenes	71	Mar de Fábula
20	Asociación Fuerza de Muyer	72	Meatzaldea Bizirik
21	Asociación Humedales del Sur de Alicante	73	Menor Plastic
22	Asociación Noia Limpia	74	Mesa del Árbol de Carabanchel
23	Asociación Reforestación Nafarroa	75	Mi pueblo limpio
24	Asociación Stop Plástico	76	Mountain Waste Collection
25	Asociación Vecinal de San Jorge	77	Movimiento 83
26	Asociación Vecinal PAU del Ensanche de Vallecas	78	Mutriku Natura Taldea
27	Associació CEN	79	Nasti de plastic Bizkaia
28	Associació Plasticfreewave	80	Nasti de plastic Cádiz
29	Aventura Plástica	81	Nasti de plastic Madrid
30	Bioms	82	No más colillas en el suelo Alcalá
31	Boicot al plástico	83	No más colillas en el suelo Barcelona
32	Catalunya Clean Up Challenge	84	No más colillas en el suelo Bizkaia
33	CC.OO.	85	Oceana
34	Centre d'Ecologia i Projectes Alternaitus- Ecologistes de Catalunya	86	OK Planet
35	Clean Ocean Project	87	Ola sin plástico
36	Clean Rivers Hub	88	Per la Mar Viva
37	Clean Something For Nothing	89	Plademar Muros-Noia
38	Clic Recycle	90	Plastic Attack Barcelona
39	Compañía de las 3 Erres de Navarra	91	Plastic Oceans
40	Conceyu per la Transición Xusta	92	Plataforma "Cope no se vende"
41	Confraria de pescadors de Badalona	93	Plataforma Ciudadana Residu Zero
42	Custòdia Platges Garraf	94	Plogging Corrales
43	Democràcia en Verd	95	Plogging Revolution
44	Ecologistas en Acción	96	Plural Anitzak elkarte
45	Ecologistas en Acción Andalucía	97	Quique Bolsitas
46	Ecologistas en Acción Asturias	98	Red Ecofeminista
47	Ecologistas en Acción Sevilla	99	Red Utrera por el Clima
48	EcoOcéanos	100	Retoque Retro
49	EDEN	101	Retorna
50	Eguzki Zaleak	102	Rezero
51	Enmienda limpia tu mierda	103	Save The Med
52	Federació Ecologistes de Catalunya	104	Sindicato ESK
		105	Surf and Clean
		106	Surfrider España

107	Sustrai Erakuntza	112	Unión de Consumidores de Asturias
108	Take Action Delta	113	Usar y Reusar
109	Traperos de Emaús Navarra	114	USO
110	UGT	115	Verdegaia
111	UNAF	116	Vivir sin plástico